

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2026/G005/000003.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN COMIÓNS DA CASA DO CONCELLO, PRAZA MAIOR 1 o vindeiro **mércores**, día **21 de xaneiro de 2026**, ás **10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUÍR UN EDIFICIO NA RÚA SAN LOURENZO, 4-6 (Expte: 2024/Y001/000326).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE UN CAMIÓN-CESTA-GRÚA ELEVADORA DE 18 METROS PARA SERVIZOS ELÉCTRICOS DE MEDIO RURAL. EXP. REF. 2025-C004-000027. DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 6/433, DO 29 DE OUTUBRO DE 2025.
3. INADMISIÓN DA SOLICITUDE DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO E DO CONTRATO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN NA RÚA MILAGROSA (EXP.2024/C002/000014).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

SERVIZOS SOCIAIS

4. PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS ADXUDICADAS DENTRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA DESPRAZAMENTO DE TAXI ADAPTADO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA E MOBILIDADE REDUCIDA RECOÑECIDA. (ANO 2025).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,